

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D<sup>a</sup>. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 190/2024 do 12/02 quedaron fixadas as Xuntas de Goberno Local ordinarias para o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 15:30 horas.

Considerando a imposibilidade de que exista quorum necesario para levar a cabo a sesión correspondente ao día 3/03/2025 ás 15:30 e ante a imposibilidade de que esta Alcaldía estea presente e non podendo delegar a presidencia por falta de disponibilidad dos tenentes de Alcalde ante a véspera do día festivo procede modificar a hora de realización da sesión para as 8:00 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 03/03/2025

Hora: 08:00 horas a 1.<sup>a</sup> convocatoria e, se procedese, ás 09:00 horas a 2.<sup>a</sup>.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

#### I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 17/02/2024. Acta 03/2025.

## 2.Xestión urbanística

2.1. EXP.URB 146/2024 (TEDEC 2024/U026/000100) Dación de conta da comunicación previa presentada por D. Oscar Manuel Rodríguez Míguez para obra de acometida de abastecemento de auga potable no lugar de Arderís, parcela catastral nº 168 do polígono 503 da parroquia de Senra.

2.2. EXP.URB 144/2024 (TEDEC 2024/U026/000006) Dación de conta da comunicación previa presentada por D. José Miguel Couselo Sánchez de primeira ocupación de nave industrial para uso de almacén de materiais de construción na Rúa de Trazo nº 7, parcela 1A-C do polígono empresarial de Oroso Pequeno – parroquia de Oroso.

2.3. EXP.URB 07/2025 (TEDEC 2025/U026/000005) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por UFD Distribución Electricidad SA para obras consistentes en ampliación da rede eléctrica subterránea de baixa tensión (UD618524100052) no lugar de Vilacide de Abaixo, parroquia de Oroso.

2.4.-EXP. URB 13/2025 (TEDEC 2025/U026/000009) Dación de conta da comunicación previa de obra presentada por D. José Luís Villaverde Patiño para obras de conservación de baño en vivenda existente na Rúa Portiño, nº 27, 4ºB da localidade de Sigüeiro.

2.5.-EXP.URB 12/2025 (TEDEC 2025/U026/000008) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por D. Manuel Vázquez Rodríguez para conservación de vivenda existente na rúa Celso Emilio Ferreiro nº 39. Urbanización Porto Avieira, parroquia da Gándara.

2.6.-EXP.URB 6/2025 (TEDEC 2025/U026/000004) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por D. Fernando Ruanova Fosado para obras de acometida de abastecemento de auga potable e revisión de acometida de saneamento existente na rúa Tras da Torre s/n, parcela con referencia catastral 5574649NH4557D0001RX da localidade de Sigüeiro.

2.7.-EXP.URB 14/2025 (TEDEC 2025/u026/000010) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por D. José María Padrón Veiga para obras de substitución de carpintería exterior de vivenda existente na rúa Celso Emilio Ferreiro nº 24, urbanización Porto Avieira, parroquia de A Gándara.

## II PARTE DE CONTROL

3 Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.oroso.gal/opencms/es>).

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oroso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.